



Se o vello Sinbad tivese fillos

Terapia de grupo sobre todas esas pequenas cousas de pequenos que fan que pais e nais nunca deixemos de ser bobeiros.

[Sobre o blog](#)



Yoyo de Babyzen: a nosa nova cadeira de paseo

Aínda que [seguimos encantados](#) co [Bugaboo Cameleon](#), ao final caímos na tentación de mercar unha cadeira de paseo, e o certo é nos está facilitando moitísimo a existencia. Dígoo, máis que nada, polo momento coche: o [Bugaboo](#) ocúpanos todo o maleteiro, sen posibilidade de meter nada máis, e parecíanos máis barato mercar unha cadeira que ocupase menos espazo que un coche no que coubese a vella. Agora seguimos usando o [Bugaboo](#) para pasear pola cidade e a nova cadeira para as viaxes longas e as saídas curtas tipo facer a compra.

A cadeira elixida foi a [Yoyo](#) de [Babyzen](#), unha marabilla da modernidade coa que estamos contentísimos.



Dé liñas sinxelas e lixeirísima, o que máis me gusta é que, pregada, avulta a metade que calquera outra cadeira das tipo paraugas. É ideal para pais viaxeiros, xa que pode levarse como equipaxe de man nos avións (aínda que, no noso caso, interesábanos máis que coubese no maleteiro do coche, deixando espazo para algunha maleta). Ábrese e prégase cunha soa man, ten o guiador corrido (a min, polo menos, resúltame moitísimo máis cómodo que o de bastón, xa que pode manexarse cunha soa man), ten asa de transporte, é reclinable (a nena pode botar unha soneca cando lle apeteza) e ten un petiño na parte de atrás e unha cesta inferior de almacenaxe bastante accesible aínda que –todo hai que dicilo– pouco práctica. Inclúe burbulla para a chuvia (fácil e rápida de colocar) e bolsa de transporte (esta última, tamén bastante cutre).

Por se vos interesa, as características técnicas son as seguintes:

Dimensións: Pregada: 52 x 44 x 18; Despregada: 86 x 44 x 106.

Peso: 5,8 kg.

Adecuada a partir dos 6 meses (aínda que eu non comezaría a utilizala ata despois do ano) e ata (aprox.) os 36.

Peso máximo: 15 kg.



Se queredes saber máis, tanto na [web](#) como na [páxina de facebook](#) atoparedes toda a información que precisedes, ademais de vídeos coma este:



Tiñamos outra opción, que era a [Quinny Yezz](#), de deseño máis moderno, con máis variedade de cores e bastante máis económica.



Desbotámola porque non é redinable (os nenos van coa cabeza colgando cando quedan durmidos) e porque o pregado é máis parecido ás de tipo paraugas e ocupa algo máis que a [Yoyo](#). Déume mágoa porque, por algunha estraña razón, eu quería unha cadeira amarela (e, tamén, gastar menos), pero xa se sabe que non se pode ter todo.